

**«RAMÓN Y CAJAL» 2025  
INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR AS DECLARACIÓN DE INTERESE EN ACOLLER  
PERSOAL INVESTIGADOR**

O Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades vén de publicar (BOE 29/10/2025) a Resolución da Presidencia da Agencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada, correspondente ao ano 2025, das axudas Ramón y Cajal no marco do Programa Estatal de Recursos Humanos do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2024-2027 que se pode consultar no seguinte enlace: [Convocatoria Ramón y Cajal 2025](#)

As instrucións contidas neste documento teñen o obxectivo de ordear o procedemento interno de recepción e selección de declaracións de interese da Universidade de Vigo, os prazos establecidos vén limitados polas datas de presentación de solicitudes de prazas fixadas pola convocatoria entre o 19 de novembro e o 11 de decembro de 2025 ás 14.00 horas.

***Obxectivo***

O obxectivo destas axudas é promover a incorporación de persoal investigador doutor, español e estranxeiro, cunha traxectoria destacada, en centros de I+D españois, co fin de que adquiran competencias e capacidades que lles permitan obter un posto de carácter estable nun organismo de investigación do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación.

As axudas concederanse aos centros de I+D para a contratación de persoal investigador doutor durante cinco anos que estará dividida en dúas fases:

A primeira fase, dunha duración mínima de tres anos, terá como obxectivo afianzar as capacidades adquiridas durante a primeira etapa previa de formación posdoutoral. Neste período a retribución mínima será de 36.720 euros anuais.

A segunda fase terá unha duración máxima de dous anos e para acceder a ela será necesario obter unha avaliación positiva como persoal investigador R3. Durante este período a retribución mínima será de 43.400 euros anuais.

As axudas contemplan unha financiación adicional para a execución da actividade investigadora de 50.000 euros que poderán chegar a 100.000 no caso de obter unha axuda para a atracción de talento para executar durante todo o período da axuda.

## *Fases da convocatoria*

A convocatoria «Ramón y Cajal» diferencia dous trámites simultáneos:

- a. A presentación de candidaturas para a obtención de contratos por parte do persoal investigador doutor aspirante quen deberá tramitar persoalmente a súa solicitude.
- b. A presentación dunha solicitude única por parte dos centros de I+D con indicación do número máximo de contratos aos que se compromete, distribuídos por áreas temáticas conforme ás contempladas no Anexo II da convocatoria do Ministerio.

A Universidade de Vigo elaborará esta solicitude única en función das declaracións de interese recibidas conforme ao sinalado nas presentes instrucións.

## *Consideracións previas*

É especialmente interesante a adecuación dos postos ofertados aos plans estratéxicos e/ou prioritarios das institucións, así como á xustificación da potenciación e reforzamento destes a través da contratación de persoal investigador Ramón y Cajal. As institucións participantes poden motivar as prazas propostas baseándose en criterios de renovación do cadro de persoal, fortalecemento de novas estruturas ou centros de I+D, potenciación de liñas novidosas ou estratéxicas etc.

## *Quen pode presentar unha declaración de interese?*

Poderán presentar declaración de interese en acoller persoal investigador doutor seleccionado mediante a convocatoria «Ramón y Cajal 2025» os grupos de investigación de calquera ámbito de coñecemento única e exclusivamente, tendo preferencia as solicitudes dos grupos integrados en centros/institutos de investigación.

Un mesmo grupo de investigación pode ofertar máis dun perfil, aínda que no proceso de selección a Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, á vista do conxunto de solicitudes presentadas e dos méritos dos grupos, poderá limitar o número de perfís autorizados por grupo.

### **-GRUPOS DE INVESTIGACIÓN:**

A declaración de interese será presentada pola persoas que coordinen os grupos. Dous ou máis grupos de investigación poden, se o desexan, presentar unha solicitude conxunta. Neste caso, no proceso de avaliación considerarase a suma dos méritos dos grupos solicitantes.

Para a selección do departamento/área de coñecemento/área científica deberá darse prioridade, dentro do posible, ás áreas con maior capacidade de incorporación de PDI, en función da súa capacidade docente.

***Requisito das declaracións de interese***

- a. Deben incluír unha proposta de perfil, que será único, para ser desenvolvida por quen presente a súa candidatura e sexa seleccionada.
- b. Deben incluír a asignación da proposta a un departamento e unha área de coñecemento da Universidade de Vigo, así como a unha área temática das indicadas no anexo da convocatoria e que poden ser consultadas no Anexo II da convocatoria no seguinte enlace: [Solicitud.Descripción áreas temáticas AEI convocatoria](#)
- c. Deben contar coa conformidade da dirección do departamento ao que se adscribe a oferta.

***Compromisos dos grupos de investigación de acollida***

En todo caso, os grupos de investigación que ofrezan liñas de investigación para considerar a súa inclusión na oferta da Universidade de Vigo comprométense a :

- a. Acoller, facilitándolle o desenvolvemento da súa actividade, ao persoal, xa formado e seleccionado por *curriculum vitae* nunha convocatoria competitiva, que resulte contratado.
- b. Proporcionar a este persoal os espazos e medios materiais necesarios para o adecuado desenvolvemento do seu traballo na Universidade de Vigo.

***Criterios para a selección das declaracións de interese***

Unha vez rematado o prazo de recepción das declaracións de interese, a Comisión de Investigación seleccionará as ofertas que presentará á convocatoria. A selección farase tendo en conta as necesidades estratéxicas da Universidade e, no tocante á consideración dos grupos que solicitan acoller, poderase ter en conta os seguintes datos:

- A existencia de persoal contratado posdoutoral financiado pola Xunta de Galicia e «Ramón y Cajal» no grupo ou grupos de investigación en relación ao tamaño deles.
- A existencia de persoal contratado posdoutoral financiado pola Xunta de Galicia e «Ramón y Cajal» na área de coñecemento para a cal se solicita o perfil en relación ao tamaño dela.
- A capacidade de incorporación de PDI aos departamentos/áreas e campus, en función da capacidade docente deles.
- A produción de investigación e de transferencia do grupo ou grupos nos tres últimos anos avaliados e validados (2021-2023) en valor absoluto e en relación ao tamaño deles.
- O número de sexenios de investigación das persoas que conforman o grupo ou grupos.
- A solvencia xeral do grupo ou grupos (contratos, proxectos, produción científica etc.)

Estes datos serán extraídos da información dispoñible nas vicerreitorías da Universidade de Vigo competentes en cada materia.

Darase prioridade ás declaracións de interese presentadas por grupos integrados nos centros/institutos de investigación da Universidade de Vigo, polo carácter estratéxico das actividades desenvolvidas neles e tendo en conta o apoio significativo dos grupos de investigación que os conforman.

Dentro do posible, intentarase acadar un equilibrio entre os distintos ámbitos de coñecemento.

### *Tramitación da declaración de interese*

1. Encher o **formulario interno** correspondente e a **conformidade do departamento** que se publican xunto con estas instrucións e son accesibles no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo.
2. Presentar antes do **21 de novembro de 2025 ás 14.00 horas**, o formulario asinado dixitalmente por todas as persoas necesarias xunto coa conformidade do departamento pola sede electrónica da Universidade de Vigo mediante unha instancia xenérica SXER dirixida ao Servizo de Recursos Humanos de Investigación.

Non serán admitidas, para a súa valoración pola Comisión de Investigación, as declaracións de interese que non sigan estes pasos.